

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

16791 *Real decreto lei 20/2018, do 7 de decembro, de medidas urxentes para o impulso da competitividade económica no sector da industria e o comercio en España.*

I

Un sector industrial forte e competitivo contribúe a xerar unha economía máis resiliente ante os ciclos, xera emprego estable e de calidade e é un elemento de cohesión social e benestar e vertebrador do noso país. Configúrase como un dos principais motores da nosa economía cun gran potencial para combater as desigualdades sociais orixinadas polos baixos salarios e o desemprego, e é un vector clave para o avance en materia de desenvolvemento sustentable e economía circular.

A competitividade da industria é esencial para garantir un crecemento sustentable e integrador. O sector industrial achega o 14,4 por cento do VAB, un 3,7 por cento máis se temos en conta o sector enerxético e o 14,1 por cento do número de empregados en España, pero as sinerxías que xera e seu efecto motor da economía convérteno nunha panca aínda máis relevante en termos relativos. Porén, nun contorno cada vez máis globalizado e dixitalizado son múltiples os elementos que socavan a competitividade do sector, que require actuacións rápidas e adaptadas ás necesidades das empresas. Así, no ano 2018, o sector industrial, tanto en magnitude PIB como en emprego, moderou o seu crecemento en maior proporción en que o fixo a economía española no seu conxunto.

A sociedade española está cada vez máis concienciada de que debemos evolucionar cara a un modelo socioeconómico en que a sustentabilidade sexa o factor decisivo nas actuacións que se leven a cabo desde todas as áreas. Por todo isto, o cambio de paradigma da sociedade cara a un modelo de economía circular e un modelo enerxético sustentable require un esforzo de transformación por parte do sector industrial que contribúa a manter e potenciar a súa competitividade.

Nesta liña, o marco estratéxico para a España industrial 2030 do Goberno e as axendas industriais que a desenvolven prevén medidas a curto e medio prazo co fin de alcanzar, neste ámbito, un crecemento sustentable, xusto e integrador, cos obxectivos de incrementar a competitividade do tecido industrial español, favorecer e impulsar a adopción da Industria conectada 4.0, impulsar o crecemento e desenvolvemento das pemes industriais e afondar na xeración de talento e postos de traballo de calidade. Con isto, o Goberno aposta decididamente pola industria como sector xerador de crecemento e de cohesión social.

Estas actuacións deben acometerse sen demora para evitar unha perda de competitividade da industria española que conduza a unha situación de desvantaxe nos mercados internacionais e con respecto ao resto de socios europeos, e que permita facer fronte aos retos da dixitalización e globalización que a economía mundial está experimentando de maneira cada vez máis acelerada.

Estas accións teñen distintos tempos de execución, pero algunhas delas requiren unha intervención inmediata do Goberno para que o seu desenvolvemento futuro non se vexa comprometido. Por isto, o presente real decreto lei aborda os aspectos máis inaprazables que afectan a competitividade do sector industrial, como a regulación do contrato de remuda para adaptalo á singularidade da industria manufactureira. Adóptanse, así mesmo, medidas de apoio ao sector industrial e, moi especialmente, ás empresas electrontensivas e, por último, apróbanse determinadas disposicións en materia de seguridade industrial.

Este paquete regulatorio que impulsa a competitividade industrial complementase con algunhas medidas concretas que inciden na competitividade do sector comercial. Así, regúlase a limitación da venda con perda, adaptando a regulación española á doutrina do

Tribunal de Xustiza da Unión Europea e suprimense os rexistros de franquidores e de vendas a distancia.

II

A industria manufactureira é un dos motores de crecemento da economía española e de xeración de benestar. Nunha sociedade cada vez máis globalizada e dixitalizada, esta industria xoga un papel fundamental para afrontar os retos da sustentabilidade e a competitividade de toda a economía española, pola súa capacidade de incorporar novas tecnoloxías, de xerar traballos estables e de calidade e de vertebrar o territorio.

Actualmente, a industria manufactureira representa o 14,1 por cento do emprego. A aplicación de medidas de eficiencia e a determinación por facer de España un dos países coas industrias máis produtivas da nosa contorna sentou as bases para a recuperación do sector en termos de emprego e de desenvolvemento social.

Se algo caracteriza a industria manufactureira é a alta calidade dos seus empregos, cun alto grao de contratación indefinida, onde se ofrecen oportunidades de desenvolvemento profesional, aproveitando a maior permeabilidade no mercado laboral a través da formación profesional e a formación profesional dual.

Para alcanzar vantaxes competitivas sustentables nunha industria global é necesario sustentar o rendemento das empresas tamén sobre aqueles factores que son susceptibles de xerar un éxito diferenciado con respecto aos principais países produtores. A produtividade e a flexibilidade eríxense como os dous eixes vertebradores do desenvolvemento industrial dos últimos anos. Para seguir creando emprego e continuar sendo competitivos hai que avanzar sobre estes dous factores, no marco do diálogo social, con medidas consensuadas que ofrezan ao sector ferramentas para competir nestes ámbitos, como o é o contrato de remuda, un instrumento valioso para minorar as porcentaxes de desemprego que, de forma particularmente acusada, afectan a poboación activa de menor idade.

As reformas operadas nos últimos anos nas normas reguladoras da modalidade de xubilación parcial con simultánea subscrición de contrato de remuda dificultaron na práctica o acceso á dita modalidade de xubilación. En consecuencia, o uso do contrato de remuda diminuíu nos últimos anos, poñendo de manifesto a existencia de determinadas disfuncionalidades na actual regulación da figura da xubilación parcial con simultánea subscrición de contrato de remuda, o que, pola súa vez, frustrou en parte a finalidade perseguida por esta modalidade de xubilación parcial, que non é outra que a de procurar o rexuvenecemento dos cadros de persoal, o fomento da contratación indefinida e o incremento da produtividade das empresas.

O próximo 31 de decembro de 2018 finaliza o prazo de aplicación da disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen que se completase o ciclo, o que pon en risco a competitividade futura, a medio e longo prazo, das plantas de fabricación e montaxe. É necesario, pois, e urxente, alongar o período de aplicación da mencionada disposición transitoria, co fin de evitar que esta se extinga.

O anterior lévase a cabo no artigo 1 deste real decreto lei mediante a correspondente modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. En concreto, a exigencia de garantir a sustentabilidade financeira do Sistema da Seguridade Social aconsella que esta sexa unha reforma transitoria e limitada da modalidade de xubilación parcial con simultánea subscrición de contrato de remuda, orientada particularmente a sectores profesionais industriais e, dentro destes, a aqueles colectivos de traballadores que veñen prestando servizos que comportan relevantes esforzos físicos e, ademais, alcanzaron certas cotas de idade, antigüidade e cotización mínima.

A incorporación desta medida, alongando o período de aplicación da mencionada disposición transitoria, impulsará a competitividade da industria e facilitará as decisións de novos investimentos nas nosas plantas produtivas, investimentos orientados en gran medida a realizar a necesaria transformación da industria durante a transición ecolóxica, ofrecendo produtos sustentables e novas solucións para unha sociedade descarbonizada,

mellorando os seus procesos para un maior aproveitamento das materias primas e a enerxía, e reducindo as emisións contaminantes. Esta medida contribuirá, sen dúbida, a asegurar a transición ecolóxica da industria, mantendo a súa actividade e os seus empregos.

Por outra parte, esta contribución do sector industrial á transición ecolóxica debe ser convenientemente monitorizada, de forma que as administracións públicas, e a sociedade no seu conxunto, poidan ter a información ao respecto. As empresas industriais deben contribuír a proporcionar información sobre as súas políticas de empresa e plans de actuación destinados a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro, así como informar sobre o cumprimento dos ditos plans e os logros obtidos, sen que a dita exigencia de información supoña unha carga administrativa para as pequenas e medianas empresas.

De acordo co anterior, na disposición adicional primeira do real decreto lei exíxese ás grandes empresas industriais manufactureiras cuxos empregados se acollesen á modalidade de xubilación parcial coa simultánea subscrición de contrato de remuda establecida no artigo 1 que inclúan entre a información non financeira dos seus informes de xestión aquela referida ás medidas que a empresa adopte no marco da transición cara a unha economía descarbonizada. Todo isto, para efectos de favorecer unha xestión equilibrada da transición do modelo actual de produción e consumo da industria manufactureira cara a un modelo sustentable en que se integre adecuadamente a variable do cambio climático.

III

Unha industria competitiva, sustentable e integradora debe corresponderse cunha asunción de responsabilidade das administracións públicas no control da seguridade industrial e na calidade e vixilancia do mercado que garanta a competencia leal entre os produtores e, pola súa vez, supoña unha mellora na seguridade dos produtos que se poñen á disposición dos consumidores, incluído o seu impacto ambiental.

Nese sentido, viñéronse reforzando as políticas europeas de control administrativo previo e posterior á posta en servizo dos produtos comercializados, o que fai necesario e urxente establecer un réxime sancionador no ámbito industrial que penalice de maneira proporcionada, efectiva e actualizada as infraccións cometidas e actúe de forma disuasoria ante posibles incumprimentos.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, dispón que as instalacións, equipamentos, actividades e produtos industriais, así como a súa utilización e funcionamento, deberán axustarse aos requisitos legais e regulamentarios de seguridade. Isto de acordo cos regulamentos de seguridade industrial ditados no ámbito comunitario ou por organismos internacionais supranacionais cos cales España ten subscritos acordos en materia de harmonización técnica, tanto de vehículos como doutros produtos industriais.

A conformidade do deseño, fabricación e posta en servizo de produtos industriais constitúe non só a base da libre circulación de mercadorías no mercado interior europeo, senón un factor clave de competitividade das empresas, que as habilita para comercializar os seus produtos noutros mercados internacionais, e supón un impulso ao desenvolvemento e á innovación tecnolóxica empresarial. Desde a aprobación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o marco lexislativo comunitario neste sector avanzou notablemente. En concreto, o acervo comunitario en materia de seguridade de produtos abarca numerosos ámbitos e regulouse mediante diferentes directivas e regulamentos europeos. Esta regulación europea dispón que os Estados membros deberán establecer normas relativas ás sancións aplicables en caso de incumprimento dos requisitos establecidos na regulamentación europea en materia de seguridade de produtos. Ademais, establece que as ditas sancións deben ser efectivas, proporcionadas e disuasorias.

No noso ordenamento, as infraccións e sancións en materia de seguridade de produtos recóllense na citada Lei 21/1992, do 16 de xullo, non obstante, as contías das sancións quedaron desfasadas e afastadas dos obxectivos que a normativa comunitaria exige.

Por isto, e tendo en conta que todas as regulamentacións europeas en materia de seguridade de produtos xa se encontran en vigor, considérase urxente e de imperiosa

necesidade a modificación, no artigo 2 desta norma, do importe das sancións que se establecen na Lei 21/1992, do 16 de xullo, para aliñalo cos obxectivos marcados polas diferentes normativas europeas en canto a efectividade, proporcionalidade e efecto disuasorio.

IV

O Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias, aprobado polo Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, impón unha serie de requisitos administrativos que fan que, na práctica, o custo dunha instalación con gas refrixerante de categoría 2-L sexa inviable, a pesar de ser conforme coa normativa comunitaria e ter menor potencial de quecemento atmosférico, o que significa unha redución da contribución deste tipo de gases refrixerantes ao cambio climático.

O Goberno, consciente da traba que isto supón, iniciou o trámite de aprobación dun novo real decreto que actualice os requisitos do Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, entre outras cousas, nos aspectos referidos aos equipamentos con refrixerante da categoría 2-L.

Os trámites procedementais necesarios para realizar esta reforma regulamentaria fan que non sexa posible a súa aprobación até mediados do ano 2019. É necesario e urxente, por tanto, levar a cabo unha actuación de carácter transitorio que evite unha rotura de stocks destes equipamentos, xa que os fabricantes están actualmente iniciando a súa fabricación para o ano 2019 e necesitan, de forma urxente, seguridade xurídica sobre a aceptación en España destes equipamentos con refrixerantes de categoría 2-L, eliminando uns trámites e requisitos tan exixentes como os que recolle a actual regulamentación, á vez que se garante a seguridade dos aparellos. Esta medida, urxente e necesaria, recóllese na disposición transitoria segunda do real decreto lei.

V

A Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, no seu artigo 28 admite a posibilidade da existencia de «redes de distribución pechadas», definidas como redes de distribución que subministran enerxía eléctrica a unha zona industrial, comercial ou de servizos compartidos reducida desde o punto de vista xeográfico.

As redes de distribución de enerxía eléctrica pechadas son un tipo especial de redes de distribución que se implementaron en numerosos países da Unión Europea co fin de considerar a realidade da industria interrelacionada entre si en determinados polígonos. Este tipo de industrias, con risco de deslocalización fóra da Unión Europea pola forte competencia internacional e cun elevado custo enerxético na súa estrutura de custos, poden constituír unha rede de distribución de enerxía eléctrica pechada que comporte vantaxes económicas para todo o conxunto.

Aínda que a Directiva 2009/72/CE non obriga os Estados membros a regular as redes de distribución de enerxía eléctrica pechadas, a súa regulación no noso país permitirá unha redución de custos económicos da enerxía eléctrica para a mediana e grande industria concentrada en ámbitos territoriais reducidos, mellorando a súa competitividade nuns momentos en que é clave o mantemento da industria existente e a reindustrialización e implantación de nova actividade industrial no noso país, tendo as súas condicións de conexión á rede pública garantía suficiente, dado que o seu eventual volume de consumo e potencia non debe constituír de xeito ningún un risco para a seguridade das redes.

Neste sentido, mediante o artigo 3 do presente real decreto lei incorpórase ao ordenamento xurídico español o artigo 28 da Directiva 2009/72/CE. Para isto establécense os principios básicos que deben rexer a constitución e autorización de redes de distribución de enerxía eléctrica pechadas, e fíxase un prazo máximo de seis meses para que o Goberno leve a cabo o desenvolvemento regulamentario das redes de distribución de enerxía eléctrica pechadas, de acordo cos principios de sustentabilidade económica e financeira do sistema, eficiencia enerxética e transición xusta.

É necesario tamén recoñecer unha especial protección á industria electrointensiva, unha industria estratéxica para calquera país desenvolvido. O custo da subministración eléctrica pode alcanzar até un 50 por cento dos seus custos produtivos. Esta industria compite en mercados globais, polo que o custo local que teñan as condicións de subministración eléctrica xoga un papel fundamental á hora de determinar a súa viabilidade nun país. A Comisión Europea recoñece a sensibilidade que teñen estas industrias a factores locais de prezo. Nas súas directrices recolle a importancia que ten o custo da subministración eléctrica na industria electrointensiva, polo que a maioría dos Estados membros da Unión Europea están evolucionando cara a un modelo sensible ao custo da subministración eléctrica na industria electrointensiva, implantando unha combinación de medidas que protexan a súa competitividade en todos os compoñentes que forman a factura final da subministración.

Neste contorno global tan competitivo, España non pode ser unha excepción. Por isto, é necesario e urxente arbitrar mecanismos que permitan optimizar o custo que a enerxía eléctrica ten para estes consumidores electrointensivos e, desta forma, mellorar a súa competitividade internacional. Estes consumidores reúnen unhas características de consumo e posúen unha potencial contribución á mellora da xestión técnica do sistema que require dun tratamento diferencial onde se recoñezan as súas particularidades para mellorar a súa competitividade, de conformidade coa normativa comunitaria.

Con este fin, o presente real decreto lei, no seu artigo 4, prevé a figura do consumidor electrointensivo e dá un mandato ao Goberno para que, no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor, elabore e aprobe un estatuto de consumidores electrointensivos, que os caracterice e recolla os seus dereitos e obrigacións en relación coa súa participación no sistema e nos mercados de electricidade. A creación e regulación da figura do consumidor electrointensivo permitirá dotar estes consumidores de escenarios predicibles para os seus custos enerxéticos, reducindo a volatilidade inherente aos mercados enerxéticos globais e dotando de seguridade os investimentos industriais.

Como se sinalou, o sector industrial europeo encóntrase inmerso nunha profunda transformación. A pesar dos instrumentos comunitarios e nacionais ao seu alcance, existe unha enorme preocupación ante as decisións de peche de grandes instalacións industriais, algunhas delas de carácter estratéxico pola súa posición na cadea de valor.

Especial mención merecen as industrias electrointensivas que soportan en maior medida os custos derivados das políticas climáticas e enerxéticas.

Para preservar a competitividade e evitar a deslocalización das industrias electrointensivas establecéronse xa mecanismos como a compensación dos custos indirectos e, ademais, cando se leve a cabo o desenvolvemento regulamentario deste real decreto lei, poderanse establecer outros mecanismos de apoio, medidas ou axudas, aos cales se poderán acoller estes consumidores, todo isto conforme a normativa da Unión Europea sobre axudas de Estado.

Coa experiencia acumulada desde a posta en marcha destes mecanismos de compensación, conclúese que para que as axudas sexan verdadeiramente eficaces e cumpran coa súa finalidade real, evitar a deslocalización, cómpre incluír obrigacións adicionais aos beneficiarios, seguindo a liña marcada desde a Unión Europea, de establecer criterios de condicionalidade na concesión de axudas, coa aprobación de Regulamento (UE) número 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, nas cales se vincula a obtención de axudas para investimentos en infraestruturas ou produtivos cun compromiso de permanencia dos beneficiarios.

Neste sentido, o artigo 5 deste real decreto lei obriga os beneficiarios destas axudas á industria electrointensiva a manter a actividade produtiva durante un período de tres anos, a partir da súa data de concesión, salvo nos supostos de situacións de crise empresarial. Considérase que esta obrigación se incumpe se proceden de maneira efectiva a reducir en máis dun 85 por cento a súa capacidade de produción ou se produce un despedimento colectivo que implique unha redución de máis dun 85 por cento de todo o seu cadro de persoal. Poderanse excluír do reintegro das axudas as empresas que reduzan a súa capacidade produtiva ou o seu cadro de persoal en máis dun 85 por cento, pero o fagan de forma temporal durante o proceso de busca de novos investidores, sempre que

desemboque no reinicio da actividade produtiva da instalación recuperando, ao menos, o 50 por cento da súa produción e do seu nivel de emprego anteriores.

Por outro lado, a coxeración de alta eficiencia que utilice combustibles renovables, gas natural ou de baixas emisións é un instrumento relevante para a mellora da eficiencia enerxética e a redución das emisións nos usos industriais da enerxía.

Ante a próxima finalización da vida útil regulatoria dunha importante parte do parque de coxeración actualmente en funcionamento, resulta necesario e urxente establecer unha habilitación que permita estender a súa vida útil, de maneira que a dita capacidade siga operativa e evitando, ao mesmo tempo, a necesidade de que cuantiosos recursos económicos teñan que ser destinados á súa substitución nun momento en que o financiamento se vai converter nun recurso escaso que convén dirixir da maneira máis eficiente para o conxunto da sociedade. O anterior lévase a cabo na disposición transitoria terceira do real decreto lei.

A industria necesita seguir operando as súas actuais instalacións de coxeración cun mínimo de rendibilidade. O seu peche significaría unha escalada dos seus custos enerxéticos, a perda de eficiencia do sistema enerxético e un aumento de emisións, dado que as empresas terían que substituír as súas instalacións actuais de coxeración tanto polo consumo eléctrico necesario como polos equipamentos xeradores de calor equivalente. É urxente desenvolver un marco que posibilite a súa operación ao concluír a súa vida útil actual para evitar a perda de eficiencia do sistema e de rendibilidade dos seus operadores, xa que durante 2018 e 2019 finalizarán a súa vida útil decenas de instalacións de coxeración cunha potencia estimada de 248 MW, dos cales 237 MW pertencen a instalacións de coxeración de alta eficiencia que utilizan combustibles renovables ou gas natural.

Con este real decreto lei, por tanto, contribúese a mellorar a competitividade da nosa industria e establécense mecanismos que lle permitan, no ámbito dos custos enerxéticos, competir en igualdade de condicións cos países da nosa contorna. Ademais, de forma simultánea, artículanse mecanismos que aseguren a transición xusta, así como unha relación sinalagmática da industria coa sociedade, garantindo que o esforzo que esta realiza se traduza en creación e mantemento do emprego e en xeración de actividade económica.

VI

No que ao sector do comercio se refire, recentemente produciuse unha serie de circunstancias e acontecementos que fan necesario reformularse a regulación de determinados aspectos dentro do ámbito do comercio retalista e, por tanto, a modificación dunha serie de preceptos que se conteñen na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e a derogación da súa normativa de desenvolvemento.

En primeiro lugar, a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 19 de outubro de 2017, como consecuencia do procedemento pre-xudicial c-295/16, caso Europamur Alimentación, S. A., declarou a incompatibilidade do artigo 14 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, no cal se regula a venda con perda, coa Directiva 2005/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas desleais das empresas aos consumidores no mercado interior. Isto obriga a realizar a modificación do citado artigo con présa, xa que as sentenzas recaídas en procesos relativos a cuestións pre-xudiciais constitúen interpretación do dereito comunitario e só cabe que os Estados membros as acaten ao ser de obrigado cumprimento.

A referida sentenza declara que non pode haber prohibicións xerais de ofertar ou realizar vendas con perda, que non poden regularse excepcións a esta prohibición baseadas en criterios que non estean recollidos na directiva, que os Estados membros non poden adoptar medidas máis restritivas que as previstas nunha norma da Unión Europea, nin sequera co fin de garantir unha maior protección dos consumidores, e que a deslealdade da venda con perda debe determinarse caso por caso, atendendo aos criterios que fixa a propia directiva. A regulación vixente sobre a venda con perda recollida no artigo 14 da Lei de ordenación do comercio retalista non se adapta a estas exigencias.

En consecuencia, urxe a modificación da súa regulación, tanto para dar cumprimento ao pronunciamento do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e evitar a apertura dun

procedemento sancionador por incumprimento do dereito da Unión Europea, como para que se supere a inseguridade xurídica que agora existe nesta materia para un sector tan importante para a economía española como é o da distribución comercial.

A nova regulación da venda con perda que se establece no artigo 6 deste real decreto lei cumpre coa referida sentenza, xa que non establece unha prohibición xeral, aínda que si determinadas limitacións, que son conformes co que dispón a Directiva do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas desleais das empresas aos consumidores no mercado interior. Tamén desaparece a automaticidade das sancións e a carga da proba recae na Administración que, para poder sancionar, debe acreditar que a venda con perda incorre nun dos supostos que se recollen de forma taxativa, e que proceden da propia directiva e, por tanto, son acordes co dereito da Unión Europea.

Por outra parte, esta norma é respectuosa coas competencias autonómicas, xa que as comunidades autónomas poderán decidir como organizar as inspeccións de comercio e/ ou de consumo en función dos seus intereses e efectivos. Así mesmo, a regulación segue mantendo a definición técnica de venda con perda, que facilita ás comunidades autónomas a súa función de inspección e sanción, xa que lles proporciona o indicio, pero dado que isto non é suficiente para impor a sanción, debe acreditarse que, ademais de existir venda con perda, esta é desleal porque se incorre nos supostos que determina a lei.

En segundo lugar, entre as medidas adoptadas no ámbito do comercio, mediante o presente real decreto lei lévase a cabo a modificación dos artigos 38 e 62 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, co obxectivo de suprimir o Rexistro de Franquiadores e o Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, que se encontran previstos nos referidos artigos.

Polo que se refire ao Rexistro de Franquiadores, encóntrase actualmente regulado no Real decreto 201/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da actividade comercial en réxime de franquía e a comunicación de datos ao Rexistro de Franquiadores. A raíz das decisións adoptadas na Comisión para a Reforma das Administracións Públicas, en 2016 púxose en marcha o Rexistro de Franquiadores telemático. Porén, as aplicacións informáticas en que se sustenta presentan graves carencias. A súa utilización resulta complicada e pouco intuitiva para os usuarios e supuxo a introdución de trabas e exixencias que foran superadas.

Por outra parte, a única información que este rexistro verifica é que a empresa franquidora ten a titularidade ou o dereito de uso da marca, cuestión que xa estaba cuberta pola Oficina Española de Patentes e Marcas. Ningún dato máis dos comunicados polos franquidores é obxecto de comprobación polo persoal do Rexistro. Non obstante, o incumprimento da obriga de comunicación de datos e alta nel prevista na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, e no Real decreto 201/2010, do 26 de febreiro, constitúe, segundo o artigo 65.1.r) da dita lei, unha infracción grave.

En canto ao Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, encóntrase regulado no Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia, ditado en desenvolvemento das previsións do artigo 38.2 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.

De todos os supostos que a Lei de ordenación do comercio retalista regula no seu título III como vendas especiais (vendas a distancia, vendas ambulantes ou non sedentarias, vendas automáticas e vendas en pública poxa) a única en que se exige rexistro é a modalidade de venda a distancia, sen que exista unha xustificación para esta diferenciación.

O artigo 5 do Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, enumera as técnicas de vendas a distancia que quedan incluídas na obriga rexistral, exceptuando de forma expresa as empresas de servizos de sociedade da información cando unicamente exerzan a súa actividade a través da internet. De forma que as empresas que teñen obrigatoriamente que solicitar a súa alta no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia son aquelas que exercen a súa actividade comercial a través de técnicas como o catálogo, o impreso, a carta normalizada, publicidade en prensa con cupón de pedido, o teléfono, a radio, a televisión, visiófono, vídeo texto e fax.

Ao igual que ocorre co Rexistro de Franquiadores, a información que facilita o Rexistro de Vendas a Distancia baséase unicamente nas afirmacións da empresa, sen que exista actividade de verificación de ningún tipo, como tampouco se exige a presentación de documentación acreditativa ningunha.

Valoráronse os escasos resultados da telematización do Rexistro de Franquiadores, o elevado custo do dito proxecto, a carga que este supuxo para os obrigados, as limitacións que impón a normativa vixente e a escasa relevancia da información que este proporciona. Así mesmo, debe valorarse a escasa relevancia dos métodos de venda a distancia sobre os que incide a obrigación rexistral, que dificilmente xustificaría o gasto en recursos humanos e materiais que ten asignados, e o investimento necesario para a posta en marcha do Rexistro de Vendas a Distancia na súa versión telemática.

Á vista do anterior, e tras a análise da evolución do mercado no sector, as súas necesidades reais e as limitacións tanto funcionais como competenciais que presentan ambos os rexistros, concluíuse que estes xa non cumpren a función legal de política administrativa correspondente á disciplina de mercado e dirixida á protección do consumidor que xustificou a súa existencia, polo que, con base en razóns de supresión de trabas para as empresas, incentivación da actividade económica e de racionalización de recursos, se adoptou a decisión de suprimilos. Por todo o anterior, e pola existencia dun forte réxime sancionador asociado ao incumprimento da obrigación de comunicación de datos, é de máxima urxencia que a solución definitiva se adopte coa maior brevidade, para maior garantía e seguridade xurídica dos sectores afectados.

Polo que se refire ás bolsas do Programa de bolsas ICEX á internacionalización, hai que sinalar que, de acordo coa disposición derradeira décimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, estas bolsas que até entón viñan sendo reguladas pola normativa interna do organismo público conforme os principios da Lei xeral de subvencións, quedan sometidas integramente a esta lei, o que implica que a súa normativa reguladora debe axustarse ao establecido nela.

Non obstante, tendo en conta a elevada dificultade conceptual e procedemental, mesmo de viabilidade, que comporta a adaptación da normativa interna do Programa de bolsas ICEX á internacionalización, mentres a dita adaptación non se produza e para efectos de garantir a convocatoria para o ano 2019, urxe e é necesario recoller a previsión na disposición transitoria cuarta do real decreto lei de que para a dita convocatoria non resulte de aplicación o establecido na disposición derradeira décimo oitava da Lei 6/2018, do 3 de xullo. O anterior constitúe unha medida de extraordinaria e urxente necesidade xa que, de non se adoptar, non sería posible realizar a convocatoria de bolsas no exercicio 2019, impedindo a realización das actividades e funcións que son encomendadas ao ICEX, e non existindo outro mecanismo que garanta no próximo ano a dita actividade.

En conclusión, á vista dos feitos descritos, no conxunto das medidas que se adoptan no ámbito do comercio concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

VII

Por último, a norma inclúe nas disposicións derradeiras primeira e segunda, respectivamente, dúas modificacións da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, e da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, necesarias ambas para efectos de adecuar o ordenamento xurídico estatal aos últimos pronunciamentos do Tribunal Constitucional na materia.

No primeiro caso, a Sentenza do Tribunal Constitucional 66/2017, do 25 de maio, declarou nulos determinados aspectos puntuais da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, que regula a Axencia de Información e Control Alimentarios (en diante, AICA), interpretando, ante a ambigüidade do texto legal, que o lexislador estaba invadindo competencias autonómicas. En concreto, declarouse inconstitucional a letra e) do número sexto da referida disposición adicional en canto atribúe en exclusiva á AICA o establecemento e desenvolvemento do réxime de control necesario para comprobar o

cumprimento do disposto na lei. En consecuencia, resulta necesario concretar de maneira expresa na Lei 12/2013, do 2 de agosto, que o ámbito de aplicación desta función de control que se atribúe á AICA se limitase ao propio da Administración xeral do Estado. Todo isto permitirá a este organismo realizar unha planificación dos seus controis, actuando proactivamente ante a posible comisión de irregularidades e non só como consecuencia das denuncias que lle sexan presentadas.

Por outra parte, e tamén con motivo dun pronunciamento xudicial que xerou un baleiro normativo que urxe satisfacer, este real decreto lei introduce na Lei 28/2015, do 30 de xullo, un concreto axuste para efectos de salvagardar o correcto encaixe das facultades de control dos poderes públicos en materia de calidade alimentaria, un aspecto de importancia capital para a adecuada articulación da cadea alimentaria a que se fixo referencia. Así, a Sentenza do Tribunal Constitucional 142/2016, do 21 de xullo, anulou unha parte concreta da Lei 28/2015, do 30 de xullo, por considerar que contiña un excesivo detalle no tratamento das condutas tipificadas, que deberá permitir un maior desenvolvemento normativo por parte das administracións autonómicas en exercicio das súas competencias. Como consecuencia deste pronunciamento xudicial, anulouse, entre outros aspectos, unha parte da disposición transitoria única da referida, polo que resulta urxente articular de modo cognoscible o réxime de infraccións e sancións aplicable nestes casos, garantindo ao propio tempo a seguridade xurídica dos operadores e dos poderes públicos afectados e así lograr a efectiva articulación entre sistemas sancionadores en materia de calidade agroalimentaria. Esta inclusión, sen alterar o esquema xeral previsto na lei, completa o seu contido e actúa como correlato lóxico sectorial das medidas xa previstas con carácter xeral pola lexislación.

As anteriores modificacións normativas encádranse sen dificultade no concepto de extraordinaria e urxente necesidade, pois os cambios normativos que se establecen non poden demorarse debido aos prexuízos que estas lagoas xurídicas xeran no correcto funcionamento do mercado, derivados dos pronunciamentos do Tribunal Constitucional. Do mesmo modo, a seguridade xurídica exige unha pronta solución a esta circunstancia que dote de regras claras e cognoscibles o sector agroalimentario, co fin de que tanto operadores como entidades públicas non só poidan actuar na lexítima confianza de que concorren os requisitos de validez do seu marco regulador, senón tamén con garantía da plena adecuación da dita regulación ás concretas necesidades da súa estrutura.

VIII

Tal e como se xustificou caso por caso nos números anteriores, considérase que a adopción do conxunto de medidas recollidas no presente real decreto lei reúne, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución como presupostos habilitantes para a súa aprobación.

Hai que recordar que o Tribunal Constitucional na súa Sentenza 142/2014, do 11 de setembro (FX 5), sinalou «a relevancia, desde a perspectiva do artigo 86.1 CE, da ordenación dos procesos que se desenvolven no sector enerxético (SSTC 170/2012, do 4 de outubro, FX 6; 233/2012, do 13 de decembro, FX 2; e 39/2013, do 14 de febreiro, FX 8)». Así, en relación coa concorrencia da situación de extraordinaria e urxente necesidade na adopción dun real decreto lei, o Tribunal Constitucional sinala que «a importancia do sector enerxético para o desenvolvemento da actividade económica en xeral determina que a súa ordenación, introducindo reformas nel co fin de mellorar o funcionamento dos distintos subsectores que o integran, sexa susceptible de constituír unha necesidade cuxa valoración entra dentro do ámbito de atribucións que corresponde ao Goberno...».

A extraordinaria e urxente necesidade tamén deriva dos riscos que afectan a competitividade do sector industrial español, dos elevados prezos da factura eléctrica para a industria e, en particular, para as industrias electrointensivas, así como das situacións de incumprimento dos requisitos de seguridade e ambientais exixidos a vehículos e produtos industriais, e cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende. En concreto, polo que se refire á modificación de sancións en materia de seguridade industrial, cómpre lembrar a STC 3/1988, relativa ao Real decreto lei 3/1979, do 26 de xaneiro, sobre protección da seguridade cidadá, no seu

FX 6 considera que o establecemento de infraccións ou sancións administrativas por decreto lei non afecta o artigo 25 da Constitución: «... a utilización do decreto lei para a previsión de tipos de ilícito e as correspondentes sancións non suporía unha contradición co disposto no art. 25.1, ao configurarse o decreto lei, segundo o artigo 86. 1 C.E., como «disposición legislativa» que se insire no ordenamento xurídico (provisionalmente até a súa validación, e definitivamente tras esta) como unha norma dotada de forza e valor de lei (STC 29/1982, do 31 de maio, fundamento xurídico 2.º)».

En canto ás medidas adoptadas no ámbito do comercio, en primeiro lugar, urxe a modificación da regulación vixente sobre a venda con perda recollida no artigo 14 da Lei de ordenación do comercio retalista, unha vez que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarou que non se adapta ás exixencias da Directiva 2005/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de maio de 2005, sobre prácticas desleais das empresas aos consumidores no mercado interior. En segundo termo, é necesaria a supresión das obrigacións relativas aos rexistros que se conteñen na Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, e nas súas normas de desenvolvemento, as cales se revelaron como pouco xustificadas constituíndo cargas para as empresas, pero cuxo incumprimento, porén, pode ser obxecto de sanción.

En definitiva, de todo o anterior resulta que o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en tanto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3; 68/2007, F. 10; 137/2011, F. 7 e 189/2005, do 7 de xullo, F. 3), que axudar nunha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Ademais, este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Por tanto, cabe concluír que, en conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

IX

O presente real decreto lei dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, ao ser a actividade industrial unha parte da actividade económica, en que o Estado ten competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación referente a toda clase de industrias. Así mesmo, esta norma dítase de acordo coas competencias estatais establecidas nos artigos 149.1.7.^a e 17.^a sobre a lexislación laboral e lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Por outro lado, a norma fundaméntase no título competencial recoñecido no artigo 149.1.25.^a sobre bases do réxime mineiro e enerxético, e adécuase á doutrina do Tribunal Constitucional con relación ao alcance das normas básicas en materia de enerxía respectando as competencias que, se for o caso, se atribúan ás comunidades autónomas nos seus respectivos estatutos de autonomía.

As medidas adoptadas en materia de comercio fundaméntanse nos artigos 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución, que outorgan ao Estado a competencia exclusiva para regular o dereito mercantil da competencia e a lexislación civil. Así mesmo, estas medidas tamén se amparan no título competencial outorgado ao Estado no artigo 149.1.13.^a sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

X

A presente norma adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia dado o interese xeral en que se fundamentan as medidas que se establecen, e é o real decreto lei o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. A norma é acorde co principio de proporcionalidade ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente, axústase ao principio de seguridade xurídica e é coherente co resto do ordenamento xurídico, pois establécese un marco normativo estable, integrado e claro. Por último, en cumprimento do principio de transparencia a norma identifica claramente o seu propósito; nesta exposición de motivos ofrécese unha explicación das medidas que se adoptan nos distintos sectores.

En virtude de todo isto, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, da ministra para a Transición Ecolóxica e do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de decembro de 2018,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Medidas en materia de industria

CAPÍTULO I

Medidas de fomento da competitividade industrial

Artigo 1. *Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.*

Engádese un novo número 6 á disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, coa seguinte redacción:

«6. Seguirase aplicando a regulación para a modalidade de xubilación parcial con simultánea subscripción de contrato de remuda, vixente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do Sistema da Seguridade Social, a pensións causadas antes do 1 de xaneiro de 2023, sempre e cando se acredite o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Que o traballador que solicite o acceso á xubilación parcial realice directamente funcións que requiran esforzo físico ou alto grao de atención en tarefas de fabricación, elaboración ou transformación, así como nas de montaxe, posta en funcionamento, mantemento e reparación especializados de maquinaria e equipamento industrial en empresas clasificadas como industria manufacturera.

b) Que o traballador que solicite o acceso á xubilación parcial acredite un período de antigüidade na empresa de, ao menos, seis anos inmediatamente anteriores á data da xubilación parcial. Para tal efecto, computarase a antigüidade acreditada na empresa anterior se mediou unha sucesión de empresa nos termos previstos no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, ou en empresas pertencentes ao mesmo grupo.

c) Que no momento do feito causante da xubilación parcial a porcentaxe de traballadores na empresa cuxo contrato de traballo o sexa por tempo indefinido, supere o 70 por cento do total dos traballadores do seu cadro de persoal.

d) Que a redución da xornada de traballo do xubilado parcial estea comprendida entre un mínimo dun 25 por cento e un máximo do 67 por cento, ou do 80 por cento para os supostos en que o traballador de remuda sexa contratado a xornada completa mediante un contrato de duración indefinida. Estas porcentaxes entenderanse referidas á xornada dun traballador a tempo completo comparable.

e) Que exista unha correspondencia entre as bases de cotización do traballador de remuda e do xubilado parcial, de modo que a do traballador de remuda non poderá ser inferior ao 65 por cento da media das bases de cotización correspondentes aos seis últimos meses do período de base reguladora da pensión de xubilación parcial.

f) Que se acredite un período de cotización de trinta e tres anos na data do feito causante da xubilación parcial, sen que para estes efectos se teña en conta a parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

No suposto de persoas con discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento, o período de cotización exixido será de vinte e cinco anos.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.*

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 34, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 34. *Sancións.*

1. As infraccións serán sancionadas na forma seguinte:

- a) As infraccións leves con multas de até 60.000 euros.
- b) As infraccións graves con multas de até 6.000.000 euros.
- c) As infraccións moi graves con multas de até 100.000.000 euros.

O Goberno, por proposta do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, poderá actualizar, mediante real decreto, as contías das sancións.

2. Para determinar a contía das sancións teranse en conta as seguintes circunstancias:

- a) A importancia do dano ou deterioración causado.
- b) O grao de participación e beneficio obtido.
- c) A capacidade económica do infractor.
- d) A intencionalidade na comisión da infracción.
- e) A reincidencia.
- f) O número de produtos postos no mercado obxecto da infracción.
- g) O volume de facturación da entidade, incluído o grupo a que pertenza.

3. A autoridade sancionadora competente poderá acordar, ademais, nas infraccións graves e moi graves, a perda da posibilidade de obter subvencións e a prohibición para subscribir contratos coas administracións públicas, durante un prazo de até dous anos nas infraccións graves e até cinco anos nas moi graves.

4. As sancións impostas por infraccións moi graves, unha vez firmes, serán publicadas na forma que se determine regulamentariamente.

5. Sen prexuízo do disposto no artigo 30.1 as accións ou omisións tipificadas na presente lei que o estean tamén noutras, cualificaranse conforme a que comporte maior sanción.»

Dous. Modifícase o artigo 35, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 35. *Multas coercitivas.*

Con independencia das multas previstas nos artigos anteriores, os órganos sancionadores, unha vez transcorridos os prazos sinalados no requirimento correspondente relativo á adecuación de produtos ou instalacións ao disposto nas

normas ou á obtención de autorización para a execución de actividades, poderán impor multas coercitivas, conforme o disposto no artigo 103 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A contía de cada unha das ditas multas non superará o vinte por cento da multa fixada para a infracción cometida.»

CAPÍTULO II

Medidas de apoio para a transición xusta da industria electrointensiva

Artigo 3. *Redes de distribución de enerxía eléctrica pechada.*

1. Habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente a figura da rede de distribución de enerxía eléctrica pechada para a subministración de electricidade a actividades industriais que, por razóns fundamentalmente de seguridade, se encontren integradas en ámbitos xeográficos reducidos.

2. Para tal efecto, o Goberno desenvolverá no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei un regulamento que recolla o procedemento e os requisitos que deberán cumprirse para o outorgamento da autorización administrativa das redes de distribución de enerxía eléctrica pechada. Entre estes requisitos deberán recollese, ao menos, os relativos á sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico, garantía da seguridade na operación, a evitación da fragmentación e redundancia nas redes para alimentar os consumidores, a evitación da discriminación entre grupos de consumidores que reúnan características similares e a minimización do impacto ambiental provocado polas redes. A autorización poderá ser revogada se deixan de cumprirse os requisitos que se establezan para a súa autorización.

O real decreto sinalado, adicionalmente, poderá regular aspectos relativos á propiedade dos activos, ás condicións de acceso ás redes de distribución de enerxía eléctrica pechadas, aos tipos de contratos e ás obrigacións económicas e técnicas co sistema eléctrico.

3. As redes de distribución pechadas deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral de Política Enerxéticas e Minas do Ministerio para a Transición Ecolóxica, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en que se analice o cumprimento dos requisitos indicados no número 2 e, en particular, a sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.

Artigo 4. *Estatuto de consumidores electrointensivos.*

1. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei o Goberno aprobará, mediante real decreto, un estatuto de consumidores electrointensivos que recoñeza as particularidades daqueles consumidores eléctricos cun elevado uso da electricidade, un elevado consumo en horas de baixa demanda eléctrica e unha curva de consumo estable e predicible.

2. O Estatuto de consumidores electrointensivos establecerá a caracterización dos ditos consumidores atendendo a variables obxectivas vinculadas ás pautas e volume de potencia e enerxía demandadas, así como á súa contribución potencial a unha mellor xestión técnica e económica do sistema eléctrico.

3. O Estatuto de consumidores electrointensivos desenvolverá mecanismos aos cales se poderán acoller estes consumidores, encamiñados a mitigar os efectos dos custos enerxéticos sobre a competitividade, de conformidade coa normativa comunitaria, así como as obrigacións e compromisos que deberán asumir os ditos consumidores no ámbito da eficiencia enerxética, substitución de fontes enerxéticas emisoras e contaminantes, investimento en I+D+i e emprego, entre outros.

Artigo 5. *Obrigacións dos beneficiarios de axudas á industria electrointensiva.*

1. Os beneficiarios das axudas á industria electrointensiva previstas no artigo 4 e na disposición adicional sexta da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime do

comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, deberán manter a actividade produtiva durante un período de tres anos, a partir da data en que se dite a resolución de concesión das axudas.

2. Entenderase que os beneficiarios incumpren esta obrigaón de mantemento da actividade cando, durante o referido período de tres anos, incorran nalgún dos seguintes supostos:

a) Procedan de maneira efectiva a reducir en máis dun 85 por cento a súa capacidade de produción.

b) Se comunique a decisión empresarial de despedimento colectivo, conforme o recollido no artigo 12.1 do Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro, e que esta comunicación implique unha redución de máis dun 85 por cento de todo o seu cadro de persoal.

Non se considerará incumprida esta obrigaón nos supostos de transformación, fusión, escisión ou cesión global de activos e pasivos sempre que a entidade adquirente manteña a actividade nos termos previstos neste número. Tampouco se considerará incumprida esta obrigaón cando o presuposto de incumprimento derive dun procedemento de liquidación no marco dun proceso concursal previsto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

3. O incumprimento da obrigaón de mantemento da actividade dentro do período de tres anos, a partir da data en que se dite a resolución de concesión das axudas será causa de reintegro destas, para o cal se seguirá o procedemento previsto no capítulo II do título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Poderanse excluír do reintegro, nas condicións e de acordo co procedemento que se desenvolva regulamentariamente, aquelas empresas industriais que, malia ter reducido a súa capacidade produtiva ou o seu cadro de persoal en máis dun 85 por cento, o fagan de forma temporal durante o proceso de busca de novos investidores, sempre que o dito proceso desemboque no reinicio da actividade produtiva da instalación recuperando, ao menos, o 50 cento da súa produción e do seu nivel de emprego anteriores.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas as empresas en que concorra algún dos supostos establecidos no número 2 ou que estean incursas nun procedemento concursal, de conformidade coa Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

TÍTULO II

Medidas en materia de comercio sobre prezos na distribución comercial retalista e rexistros específicos

Artigo 6. *Modificación da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.*

A Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 14, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Venda con perda.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, non se poderán realizar vendas ao público con perda se estas se reputan desleais. As vendas con perda reputaranse desleais nos seguintes casos:

a) Cando sexa susceptible de inducir a erro aos consumidores acerca do nivel de prezos doutros produtos do mesmo establecemento.

b) Cando teña por efecto desacreditar a imaxe dun produto ou dun establecemento alleo.

c) Cando forme parte dunha estratexia encamiñada a eliminar un competidor ou grupo de competidores do mercado.

d) Cando forme parte dunha práctica comercial que conteña información falsa sobre o prezo ou o seu modo de fixación, ou sobre a existencia dunha vantaxe específica con respecto a este, que induza ou poida inducir a erro ao consumidor medio e lle faga tomar a decisión de realizar unha compra que, doutro modo, non realizaría.

2. Para os efectos sinalados no número anterior, considerarase que existe venda con perda cando o prezo aplicado a un produto sexa inferior ao de adquisición segundo factura, deducida a parte proporcional dos descontos que figuren nela, ou ao de reposición se este for inferior a aquel ou ao custo efectivo de produción se o artigo foi fabricado polo propio comerciante, incrementados nas cotas dos impostos indirectos que graven a operación.

As facturas entenderanse aceptadas en todos os seus termos e recoñecidas polos seus destinatarios, cando non fosen obxecto de reparo no prazo dos 25 días seguintes á súa remisión. No caso de que non sexan conformes, dispónse sobre a anterior un prazo adicional de 10 días para a súa emenda e nova remisión da correspondente factura rectificada.»

Dous. Modifícase o artigo 38, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 38. *Concepto.*

1. Para a cualificación das vendas a distancia observarase o disposto no artigo 92 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.

2. Para o exercicio das vendas a distancia será de aplicación o réxime contido no título III do libro segundo do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro.»

Tres. Modifícase o artigo 62 que queda redactado como segue:

«Artigo 62. *Regulación do réxime de franquía.*

1. A actividade comercial en réxime de franquía é a que se leva a efecto en virtude dun acordo ou contrato polo cal unha empresa, denominada franquidora, cede a outra, denominada franquizada, o dereito á explotación dun sistema propio de comercialización de produtos ou servizos.

2. Cunha antelación mínima de 20 días á sinatura de calquera contrato ou precontrato de franquía ou entrega por parte do futuro franquizado ao franquidor de calquera pagamento, o franquidor deberá ter entregado ao futuro franquizado por escrito a información necesaria para que poida decidir libremente e con coñecemento de causa a súa incorporación á rede de franquía e, en especial, os datos principais de identificación do franquidor, descrición do sector de actividade do negocio obxecto de franquía, contido e características da franquía e da súa explotación, estrutura e extensión da rede e elementos esenciais do acordo de franquía. Regulamentariamente estableceranse as demais condicións básicas para a actividade de cesión de franquías.»

Catro. O artigo 65.1.a) queda redactado como segue:

«a) Exercer unha actividade comercial sen autorización previa no caso de que esta fose preceptiva, ou non realizar as comunicacións ou notificacións á administración comercial exixidas pola normativa vixente.»

Cinco. O artigo 65.1.c) queda redactado como segue:

«c) Realizar vendas con perda que sexan desleais nos supostos do artigo 14.1.»

Disposición transitoria primeira. *Expedientes en curso de axudas.*

O disposto no artigo 5 será de aplicación aos procedementos de concesión de axudas en tramitación nos cales, no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, o órgano competente non ditase resolución de concesión das axudas.

Disposición transitoria segunda. *Condicións para as instalacións que conteñan refrixerantes do grupo A2L.*

Mentres non se aprobe, mediante real decreto, o novo Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias, en que se establezan medidas específicas para as instalacións con refrixerantes da clase A2L, segundo norma UNE-EN 378-1:2017, gases refrixerantes con baixa toxicidade e lixeira inflamabilidade, será de aplicación o seguinte:

1. Aos sistemas de refrixeración compactos (sistemas de acondicionamento de aire portátiles, frigoríficos, conxeladores domésticos, etc.) que conteñan refrixerantes de clase A2L con carga de refrixerante inferior ao resultado de aplicar o factor 1,5 a $m1$ [$m1=L1 \times 4m3$], non se lles aplicarán os requisitos da presente disposición nin aqueles que puidesen ter en función da redacción actual do Real decreto 138/2011, en recoñecemento de que estes refrixerantes teñen unha velocidade de combustión inferior, o que comporta unha reducida probabilidade de ignición.

$m1$ é un dos factores tope incluídos na táboa C.2 do anexo C da UNE-EN 378-1:2017 e LII o límite inferior de inflamabilidade, que aparece na táboa E.1 do anexo E da norma UNE-EN 378-1:2017 en kg/m³. O multiplicador 4 baséase nunha carga de 150 gr. do refrixerante R-290.

2. Aos sistemas de refrixeración non compactos, que conteñan refrixerantes de clase A2L, con carga de refrixerante inferior ao resultado de aplicar o factor 1,5 a $m1$ [$m1=L1 \times 4m3$], en recoñecemento de que estes refrixerantes teñen unha velocidade de combustión inferior, o que comporta unha reducida probabilidade de ignición, aplicaráselles única e exclusivamente o seguinte:

A execución, mantemento, reparación, modificación e desmantelamento destas instalacións realizaranos empresas frigoristas de nivel 1, das establecidas no Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións, ou as empresas instaladoras que se establecen no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE).

A empresa que realice a instalación deberá entregar ao titular do sistema ou instalación a seguinte documentación:

a) Un certificado en que figuren os datos da empresa instaladora, o fabricante, modelo, ano, número de fabricación, carga, denominación e grupo do refrixerante empregado, así como as actuacións realizadas.

b) Manual de instrucións.

3. O titular das instalacións que utilicen refrixerantes pertencentes á clase A2L, que non superen os límites máximos de carga conforme as táboas C.1 e C.2 do anexo C da norma UNE-EN 378-1:2017 e que non requiran medidas de protección específicas segundo a análise de riscos recollido na norma UNE-EN 378-1:2017, distintas ás medidas adicionais incluídas no número C.3 do anexo C da norma UNE-EN 378-1:2017, está exento de contratar un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que poidan derivar da instalación, con contía mínima de 500.000 €.

4. As instalacións que utilicen fluídos pertencentes á clase de seguridade A2L, que non teñan ningún sistema cunha potencia eléctrica instalada nos compresores superior a 30 kW, ou a suma total das potencias eléctricas instaladas nos compresores frigoríficos, de todos os sistemas, non excede os 100 kW e que non arrefrien ningunha cámara de

atmosfera artificial, poden ser executadas por empresas frigoristas de nivel 1, das establecidas no Real decreto 138/2011, do 4 de febreiro, ou polas empresas instaladoras que se establecen no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.

5. Para instalacións con carga de refrixerante igual ou superior ao resultado de aplicar o factor 1,5 a $m1$ [$m1=L1 \times 4m3$], cuxos equipamentos utilicen fluídos pertencentes á clase de seguridade A2L, que non teñan ningún sistema cunha potencia eléctrica instalada nos compresores superior a 30 kW, ou a suma total das potencias eléctricas instaladas nos compresores frigoríficos, de todos os sistemas, non excede os 100 kW e que non arrefrien ningunha cámara de atmosfera artificial, deberán comunicar á comunidade autónoma a seguinte documentación:

a) Memoria técnica da instalación executada asinada polo instalador frigorista ou técnico titulado competente, facilitando por escrito ao usuario información detallada dos equipamentos: fabricante, modelo, tipo e carga de refrixerante e ano de fabricación. Xuntará un documento do cálculo xustificativo de que a instalación cumpre coas exigencias da norma UNE-EN 378-1:2017, en canto a dimensións do local, altura de montaxe do equipamento sobre o chan, carga máxima admitida e medidas de seguridade adoptadas. Este documento estará asinado polo representante legal da empresa frigorista ou por técnico titulado competente no caso de que non se superen os límites de carga, segundo se establecen nas táboas C.1 e C.2 do anexo C da norma UNE-EN 378-1:2017 ou por un técnico titulado competente se se superan os límites de carga ou se require facer análise de risco.

b) «Análise de risco» da instalación, en caso de que non se satisfagan os criterios do punto anterior, é dicir, que se supere a carga máxima de refrixerante admitida de acordo coa norma UNE-EN 378-1:2017, documentando se se trata dunha zona de extensión desprezable (ED) segundo a norma UNE-EN 60079-10-1; en caso contrario deberá aplicarse o Real decreto 144/2016, do 8 de abril, polo que se establecen os requisitos esenciais de saúde e seguridade exixibles aos aparellos e sistemas de protección para o seu uso en atmosferas potencialmente explosivas. Neste caso a instalación realizaraa unha empresa instaladora de nivel 2.

c) Certificado da empresa frigorista, asinado polo seu representante legal, que confirme que dispón de persoal habilitado para a instalación e manexo de sistemas e instalacións que utilicen gases da clase A2L, que está familiarizado cos requisitos deste tipo de instalacións con respecto a estes refrixerantes e recibiu a formación necesaria, e que a instalación e os seus compoñentes cumpren coas condicións específicas que recomenda o fabricante dos equipamentos para a utilización desta clase de refrixerantes A2L.

d) Certificado da instalación suscrito pola empresa frigorista.

Os certificados indicados nas letras c) e d) anteriores poderán unificarse nun só documento que inclúa toda a información exixida en ambos.

e) Certificado de instalación eléctrica, que inclúa a parte correspondente á instalación frigorífica, asinado por un instalador en baixa tensión.

f) Declaracións de conformidade dos equipamentos a presión e do sistema de tubaxes de acordo co Real decreto 709/2015, do 24 de xullo e, se for o caso, dos accesorios de seguridade ou presión.

g) De acordo co Real decreto 709/2015, do 24 de xullo, as declaracións de conformidade CE da instalación como conxunto, cando se trate de equipamentos compactos, e para o resto de instalacións, de todos os equipamentos de presión, incluídas as declaracións de conformidade das tubaxes cando aplique.

h) Contrato de mantemento cunha empresa instaladora frigorista.

Disposición transitoria terceira. *Instalacións de coxeración que utilicen combustibles renovables ou gas natural que esgotaron a súa vida útil regulatoria.*

As instalacións de coxeración de alta eficiencia que utilicen combustibles renovables ou gas natural e que superen a súa vida útil regulatoria con data posterior ao 1 de xaneiro de 2018 poderán percibir o termo de retribución á operación correspondente á súa instalación tipo pola enerxía que produzan desde a entrada en vigor deste real decreto lei

e até un período máximo de dous anos contados desde a entrada en vigor deste real decreto lei. Este dereito á percepción da retribución á operación extinguirase no caso de que se desenvolva regulamentariamente un réxime regulador destas tecnoloxías.

Para a percepción desta retribución, as instalacións de produción de enerxía eléctrica con coxeración ás cales sexa de aplicación esta disposición deberán manterse no cumprimento das condicións de eficiencia enerxética e dos demais requisitos recollidos na normativa de aplicación.

Disposición transitoria cuarta. *Convocatoria do Programa de bolsas ICEX de internacionalización para o ano 2019.*

O previsto na disposición adicional vixésimo sexta da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non resultará de aplicación á convocatoria das bolsas de internacionalización empresarial de ICEX correspondente ao exercicio 2019. Durante o dito exercicio deberá adaptarse a normativa reguladora das mencionadas bolsas ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, co fin de que a normativa de subvencións resulte de aplicación ás bolsas convocadas en 2020.

Disposición adicional primeira. *Información non financeira das empresas con traballadores acollidos á modalidade de xubilación parcial con simultánea subscripción de contrato de remuda.*

As empresas que empreguen traballadores que se acollesen á modalidade de xubilación parcial con simultánea subscripción de contrato de remuda establecida no número 6 da disposición transitoria cuarta do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, na redacción dada polo artigo 1 deste real decreto lei, deberán incluír entre a información non financeira contida no informe de xestión previsto no artigo 262.1 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, o conxunto de medidas que adoptasen no marco da transición xusta cara a unha economía descarbonizada.

Disposición adicional segunda. *Avaliación das medidas establecidas no real decreto lei.*

Transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, en colaboración, se for o caso, cos departamentos ministeriais competentes, levará a cabo unha avaliación das medidas establecidas nel. Para estes efectos, a avaliación conterà, ao menos, os criterios establecidos no artigo 3.2 do Real decreto 286/2017, do 24 de marzo, polo que se regulan o Plan anual normativo e o Informe anual de avaliación normativa da Administración xeral do Estado e se crea a Xunta de Planificación e Avaliación Normativa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas expresamente as seguintes normas:
 - a) O artigo 65.1.r) da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista.
 - b) O Real decreto 225/2006, do 24 de febreiro, polo que se regulan determinados aspectos das vendas a distancia e a inscrición no Rexistro de Empresas de Vendas a Distancia.
 - c) O capítulo III, a disposición adicional primeira, a disposición adicional segunda, a disposición transitoria primeira e a disposición transitoria segunda do Real decreto 201/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da actividade comercial en réxime de franquía e a comunicación de datos ao Rexistro de Franquiadores.
2. Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.*

Modifícase a letra e) do número 6 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, que queda redactada como segue:

«e) Establecer e desenvolver, no ámbito das competencias que ten atribuídas por esta lei a Administración xeral do Estado, o réxime de control necesario para comprobar o cumprimento do disposto nela.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria.*

A Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Suprímese a disposición transitoria única.

Dous. Introdúcese unha nova disposición adicional quinta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Infraccións.*

A tipificación das infraccións en materia de calidade alimentaria será a que para o efecto regule a lexislación de cada comunidade autónoma na materia.»

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta norma incorpórase ao dereito español o artigo 28 da Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro dos artigos 149.1.6.^a, 7.^a, 8.^a, 13.^a, 17.^a e 25.^a da Constitución, que atribúen ao Estado competencias en materia de lexislación mercantil, lexislación laboral, lexislación civil, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social e bases de réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento e execución.*

Habíltase o Goberno para aprobar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN